De acordo co preceptuado no artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, ao Orzamento do Organismo Autónomo uniráse, entre outra documentación, un informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia a efectiva nivelación do Orzamento.

-I-

**ORZAMENTO DE GASTOS**

O Estado de Gastos contén as consignacións orzamentarias necesarias para atender todas as obrigas contraídas por este organismo e acada un importe total para o ano 2019 de 7.729.080,00 euros, un 27,80% menos que en 2018, por non incluír no capítulo VI os investimentos con cargo ós recursos obtidos da xestión do Patrimonio Municipal do Solo. A análise do Orzamento de Gastos realízase tendo en conta os distintos capítulos orzamentarios.

**Capítulo I. Gastos de persoal**

Neste capítulo figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, seguridade social, formación e fondo social. A súa porcentaxe nos gastos totais é do 52,62%.

Respecto do exercicio anterior, o capítulo I no seu conxunto experimenta un aumento do 3,19%.

O incremento é do 3,27% para a maioría das partidas, como consecuencia da aplicación do incremento do 0,75% aprobado en xullo de 2018 para as retribucións dos empregados públicos e do 2,50% previsto para 2019.

Se analizamos o custo total de persoal, hai que ter en conta o capítulo IV de transferencias correntes, concretamente a partida 1510.4000000, habilitada para compensar o custo do persoal da entidade matriz adscrito a este Organismo Autónomo, que incrementase un 3,27% pola aplicación acumulada dos incrementos citados.





## Concello de Vigo

### Capítulo II. Gastos de bens correntes e servizos

Prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (alugueres, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencia técnica e outros contratos de servizo), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo. A súa porcentaxe respecto do total é do 24,47%.

En relación ao ano anterior, prodúcese un incremento do gasto en bens correntes e servizos do 10,49%. Dito ascenso concéntrase, principalmente, na partida destinada a sufragar os contratos de servizo de actualización cartográfica e de redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente en trámite de adxudicación. Dita partida ascende a 690.087,20 euros, o que representa un 159,2 % máis que en 2018 e un 36,5 % do custo total deste capítulo II.

Con menor impacto cuantitativo, inclúese unha partida para o desenvolvemento urbanístico que permita a localización da Biblioteca Pública do Estado.

En xeral as partidas deste capítulo de gasto mantéñense estables, con algunha excepción como a anteriormente sinalada ou a do contrato de seguridade do edificio que recolle o seu custo efectivo, incrementado pola subida dos custos salariais (subida conforme ó convenio colectivo estatal do sector).

### Capítulo IV. Transferencias correntes

Neste capítulo está prevista a transferencia ó Concello de 1.368.856,73 euros, co fin de compensar o gasto xerado polo persoal municipal adscrito á Xerencia de Urbanismo que continúa no cadro de persoal do ente matriz.

Como xa se expuxo no capítulo I, sofre un incremento do 3,27%. A porcentaxe deste capítulo no total é do 17,71%.

### Capítulo VI. Investimentos reais.

Neste capítulo inclúense investimentos financiados con cargo a fondos propios, tantos os necesarios para o funcionamento adecuado dos servizos urbanísticos (maquinaria e instalacións, mobiliario, equipos informáticos e reformas do edificio), como os que





## Concello de Vigo

favorecen o desenvolvemento urbanístico: expropiacións e adquisicións de solo, cotas de urbanización a cargo do Concello e investimentos en bens do Patrimonio Municipal do Solo (neste caso a partida incrementase un 40,81%).

Inclúese, así mesmo, unha partida para acometer investimentos no Corredor do Lagares.

Os investimentos con cargo ós recursos obtidos pola xestión do Patrimonio Municipal do Solo non se inclúen neste capítulo VI do Orzamento, sen prexuízo de que durante o exercicio 2019 poidan imputarse ó mesmo aqueles investimentos que se recollen na Memoria deste Orzamento e que se financiarían con cargo a recursos obtidos en exercicios anteriores (todo elo mediante a tramitación da pertinente modificación orzamentaria).

No total do orzamento, as consignación iniciais do capítulo VI de investimentos reais, supoñen un 4,23%.

### Capítulo VII. Transferencias de capital

Non se producen variacións respecto do exercicio anterior. Mantense a partida destinada a axudas a accesibilidade nos edificios cun crédito de 50.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 0,65% no total do Orzamento.

### Capítulo VIII. Activos financeiros.

Este capítulo recolle o importe máximo dos préstamos reintegrables concedidos ao persoal propio da Xerencia. O seu financiamento figura no concepto de ingresos que contempla a devolución dos devanditos préstamos. Supón o 0,32% do orzamento total e non experimenta variación algunha respecto do exercicio anterior.

- I I -

## ORZAMENTO DE INGRESOS

O Orzamento de Ingresos ascende a 7.729.080,00 euros, o que supón unha redución do 29% respecto do exercicio anterior. Dita redución débese a non contemplar ingresos por xestión do Patrimonio Municipal do Solo: nin se prevé aplicación de ingresos xa materializados, nin se contemplan os posibles ingresos que se poidan producir en 2019, por non existir na actualidade unha previsión exacta de alleamentos de bens do PMS.





## Concello de Vigo

En xeral, mantense as previsións de ingresos por non terse aprobados incrementos nas ordenanzas fiscais para 2019, axustando as transferencias da Xunta para o financiamento da redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e da Oficina de Rehabilitación.

Realízase a seguinte análise por capítulos:

### Capítulo III. Taxas e outros ingresos

Neste capítulo inclúense as taxas que gravan a expedición de documentos, a tramitación de licenzas (obras, primeiras ocupacións e actividades), as sancións por infraccións urbanísticas e as execucións subsidiarias. A porcentaxe nos totais é do 17,40 %.

Mantense as previsións de ingresos por non preverse incrementos nas tarifas das ordenanzas fiscais. As cifras, igual que neste exercicio 2018, considéranse adecuadas en relación coa recadación efectiva que estase producindo, compensando de forma global os excesos nalgúns conceptos (como a taxa por licenzas de obras) cos menores ingresos noutros.

En consecuencia, non se incrementa nin se reduce este capítulo III.

### Capítulo IV. Transferencias correntes

O importe do capítulo cuarto no total do orzamento representa un 82,14%. Neste capítulo figura a aportación do Concello á Xerencia Municipal de Urbanismo por unha contía de 5.940.000,00 euros (un 2% máis que en 2018). A transferencia neta do Concello á Xerencia de Urbanismo (descontando a deste Organismo Autónomo ó ente matriz) é de 4.571.143,27 euros.

Actualízanse as achegas da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM (50% da anualidade de 2019) e da Oficina de Rehabilitación, en función do ingreso de 318.000,00 euros aplicados en 2018 (modificación orzamentaria 5/2018 tramitada no expediente 10651/407), pero axustada ó seu custo mínimo (partida de gastos 1510.2279907).

No seu conxunto o capítulo IV experimenta un incremento do 5,39% respecto do ano 2018.

### Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Recole os xuros polos depósitos da Xerencia nas entidades financeiras, cun importe de 10.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 0,13% sobre o total. Non se producen variacións respecto do exercicio anterior.





## Concello de Vigo

### Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais

Elimínase o capítulo VI que recollía o alleamento de bens do Patrimonio Municipal do Solo, sen prexuízo de que ó longo do ano se apliquen dous tipos de ingresos, mediante a tramitación da pertinente modificación orzamentaria:

- 1) Ingresos materializados en exercicios anteriores para financiar os investimentos previstos na Memoria deste Orzamento para 2019.
- 2) Novos ingresos por xestión e monetarización do PMS durante o ano 2019, que por non estar cuantificados a día de hoxe non se especifica cantidade algunha.

### Capítulo VIII. Activos financeiros

Inclúe as devolucións dos préstamos concedidos ó persoal propio da Xerencia: 25.000 euros que supoñen o 0,32% do orzamento total. Non se producen variacións respecto do exercicio anterior.

No lugar e data da sinatura electrónica

Juan González Ramírez, o xefe dos Servizos Centrais da XMU



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 23/10/2018 11:19	Páxina 5 de 5
EXPEDIENTE 11010_407	CSV: 2BEH59-4EE1B2-CFA5A9-2CJX2N-JEPWTN-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Concello de Vigo

**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL  
DE URBANISMO DE VIGO 2019"**

**Expediente nº 11010/407**

**PROPUESTA:**

De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ó Concello de Vigo, presenta ó Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2019.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

- a) Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Legislativo 2/2004, ó Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

- 1) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- 2) Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.





Concello de Vigo

**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL  
DE URBANISMO DE VIGO 2019"**

**Expediente nº 11010/407**

- 3) Anexo de persoal da Entidade Local.
- 4) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- 5) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.
- 6) Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

**Contido salientable.**

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2019 é de 7.729.080,00 euros, deixando de incluír no capítulo VI do Estado de Gastos, por imperativo legal, os investimentos a financiar cos recursos obtidos en exercicios anteriores (neste caso por alleamento de bens do PMS) e que, de conformidade coa Memoria deste Proxecto de Orzamento, poden ascender a 3,3 millóns de euros e que destinaríanse a recuperación do Área da Panificadora. Tampouco se inclúe nesta cifra as axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, que permitirán o financiamento -cun importe máximo de 2,5 millóns de euros- de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo.

Os gastos correntes increméntanse un 5% para permitir a actualización das retribucións do persoal (un 3,27% que inclúe -de forma acumulada- un 0,75% de 2018 e un 2,5% para 2019) e para dotar de consignación suficiente os contratos vixentes e os recentemente adxudicados de redacción do novo Plan Xeral e de actualización da cartografía.

Consígnanse créditos, igual que os exercicios anteriores, para posibilitar a concesión de axudas para comunidades de propietarios que executen obras de mellora na accesibilidade dos edificios antigos.

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que, con carácter xeral, se manteñen respecto de 2018. A transferencia corrente do Concello increméntase un 2% para poder facer efectivo esencialmente o incremento retributivo do persoal.



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 23/10/2018 11:20

Páxina 2 de 3

EXPEDIENTE 11010\_407

CSV: 2HEB53-42E5BD-CBA737-2HWH6Y-TM6RZZ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL  
DE URBANISMO DE VIGO 2019"**

**Expediente nº 11010/407**

**Proposta.**

En conclusión, propónse ó Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Propoñer ó Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" para o exercicio 2019, que ascende ó importe de 7.729.080,00 euros".

Vigo, na data da sinatura electrónica

Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

CONFORME: María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 23/10/2018 11:20

Páxina 3 de 3

EXPEDIENTE 11010\_407

CSV: 2HEB53-42E5BD-CBA737-2HWH6Y-TM6RZZ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



XERENCIA DE URBANISMO  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

## INFORME DE INTERVENCIÓN

### **ASUNTO: Orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo para o ano 2019.**

Examinado o proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo (en diante XMU) para o ano 2019, de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o TRLRFL en materia presupostaria, esta Intervención, en uso das facultades conferidas no artigo 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, procede a emitir o seguinte

#### **INFORME:**

##### **1.- Lexislación aplicable:**

Lexislación específica de Réxime Local:

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante, LRBRL).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante, LOEOF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b)).

- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

## 2.- Concepto:

As Entidades Locais están obrigadas a elaborar e aprobar anualmente un orzamento único que constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital íntegramente local.

## 3.- Contido:

O orzamento xeral da Entidade Local estará integrado por:

a) O orzamento da propia Entidade.

**b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.**

c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza íntegramente á entidade local.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, o orzamento da XMU, integrante do orzamento xeral, contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, específicas para a XMU, sendo de aplicación as do Concello para o non previsto nestas.

## 4.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento da XMU acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2017.
- Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2018, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, así como estimación da liquidación do citado orzamento referida a 31 de decembro.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2018 10:30

Páxina 2 de 12

Expediente 11010/407

CSV: 2EEH5C-4DEEB2-24D62F-J5YNPJ-E39LYL-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

- Anexo de persoal, no que se relacionan e valoran os postos de traballo existentes, tanto os reservados a funcionarios como a persoal laboral e eventual, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio, debidamente codificado conforme ao artigo 19 do RP.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- Un informe económico-financieiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

### **5.- Estrutura orzamentaria.**

O proxecto de orzamentos da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

### **6.- Prazo de presentación.**

O expediente incoado para a aprobación do Proxecto de Orzamento da XMU para o ano 2018 tramítase incumprindo os prazos establecidos no apartado 2º do artigo 168 do TRLRFL, que dispón que o orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano.

No entanto, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC<sup>1</sup>, a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa. Por iso é polo que, aínda que a anulabilidade sexa a regra xeral, non

1 O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

*“2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.*

*3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo”.*





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

poida afirmarse que calquera defecto do acto determine a súa invalidez, polo que podemos concluír que nos atopamos ante unha irregularidade non invalidante.

## **7.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.**

### **a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.**

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RP ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, o orzamento da XMU aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que non presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RP.

Estado de gastos	7.729.080,00
Estado de ingresos	7.729.080,00
Déficit / superávit inicial	0,00

### **b) Déficit ou superávit por operacións correntes.**

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 4), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasifícanse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2019 presenta o seguinte desglose:





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERACIÓNS CORRENTES	7.704.080,00
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS CORRENTES	7.327.211,18
SUPERÁVIT POR OPERACIÓNS CORRENTES	376.868,82

Polo tanto o Proxecto de Orzamento da XMU preséntase nivelado e con superávit corrente suficiente para financiar os gastos de capital non financeiros (capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos).

### 8.- Bases de execución dos orzamentos.

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento específicas da XMU para o exercicio 2019, non se aprecian incumprimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financeira, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

En particular, a base 6ª das citadas inclúe a relación expresa e taxativa dos créditos ampliáveis, con detalle dos recursos afectados:

Crédito ampliable / Aplicación	Recurso afectado / Concepto
1510.2279905 "Execucións subsidiarias"	39902 "Execucións subsidiarias"

A contía da ampliación será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias, sendo as previsións iniciais de 300.000,00 euros.

### 9.- Gastos de persoal.

No capítulo I do orzamento de gastos figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, gratificacións, formación e fondo social, entre outros aspectos.

O importe total dos créditos incluídos no Anexo de persoal é coincidente co importe total consignado nas correspondentes aplicacións do capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento global do 3,19% con respecto ás do exercicio 2018, sendo o incremento das aplicacións correspondentes aos conceptos retributivos do 3,27%, e non sufrindo incremento algún as dotacións correspondentes ao Plan de pensións,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2018 10:30	Páxina 5 de 12
Expediente 11010/407	CSV: 2EEH5C-4DEEB2-24D62F-J5YNPJ-E39LYL-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Produtividade, Gratificacións, Formación e Fondo Social.

O incremento do 3,27% prodúcese como consecuencia da aplicación dun incremento adicional do 0,75% aprobado no ano 2018 para as retribucións do persoal ao servizo do sector público (0,50% fixo e 0,25% adicional aprobado polo Consello de Ministros no mes de xullo de 2018 como consecuencia do cumprimento do obxectivo de crecemento do PIB, ambos previstos na LOXE para o ano 2018), e do 2,50% previsto para 2019 no "II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo" asinado entre o Ministro de Facenda e Función Pública e os representantes dos sindicatos da Función Pública (2,25% fixo e 0,25% adicional), publicado no BOE número 74, de 26 de marzo de 2018<sup>2</sup>.

Hai que ter en conta que as dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos do exercicio 2018 recolleron unicamente un incremento do 1% con respecto ás do exercicio 2017.

Deste xeito o 3,27% obtense do seguinte cálculo:

$$1 \times ((1+0,75\%) \times 2,50\%) - 1 = 3,27\%$$

2 O punto Primeiro do II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo di:

"Primero. Aprobación de un incremento retributivo para el personal al servicio del sector público.

Se acuerda un marco plurianual de incremento salarial fijo, más un porcentaje adicional de incremento ligado al crecimiento de la economía, calculado en función del crecimiento de PIB real, que recogerán los proyectos de Leyes de Presupuestos Generales del Estado para 2018, 2019 y 2020. Las retribuciones ligadas a los objetivos de PIB, se abonarán con efectos de 1 de julio de cada ejercicio.

Asimismo en el año 2020 se prevé la posibilidad de una subida adicional si se cumplen los objetivos en materia de estabilidad presupuestaria (déficit público) establecidos para el Reino de España.

Año 2018:

El incremento en 2018 será de un 1,75 % (1,50 % fijo +0,25 % variable ligado al cumplimiento del objetivo de crecimiento del PIB, en 2017, establecido en un 3,1 %)

Se prevé asimismo que cada Administración pueda destinar un 0,20% adicional de su masa salarial en fondos adicionales.

Año 2019:

El incremento fijo será de un 2,25 %

El incremento variable se establece:

Para un crecimiento del PIB igual o superior al 2,5 %, será de un 0,25 % adicional, lo que supone un 2,50 % de incremento total.

Para un crecimiento inferior al crecimiento del PIB del 2,5 %, el incremento disminuirá proporcionalmente en función de la reducción del crecimiento que se haya producido sobre dicho 2,5 %.

De acuerdo con lo previsto en el apartado relativo a Fondos adicionales, se prevé asimismo que cada Administración pueda destinar un 0,25 % de su masa salarial para fondos adicionales."





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Ademais, as retribucións dos funcionarios consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente da XMU, así como a contía necesaria para o pago do "Fondo Social" aos traballadores.

Por outra parte, o custo total de persoal, tendo en conta tanto os créditos consignados no capítulo I (4.066.948,00 euros) como no capítulo IV de transferencias correntes (partida 1510.4000000 habilitada para compensar o custo do persoal da entidade matriz adscrito a este Organismo Autónomo), acada en conxunto un importe de 5.435.804,73 euros, o que representa un 70,33% dos créditos totais do orzamento, e un 74,19% dos créditos totais por operacións correntes.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímase suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables a satisfacer pola XMU ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

#### **10.- Gastos en bens correntes e servizos.**

Segundo consta no informe económico-financieiro, no capítulo II prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (arrendamentos, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencia técnica e outros contratos de servizos), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

Para maior detalle e explicación remítome ao contido do informe económico-financieiro que obra no expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2018 10:30	Páxina 7 de 12
Expediente 11010/407	CSV: 2EEH5C-4DEEB2-24D62F-J5YNPJ-E39LYL-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



XERENCIA DE URBANISMO  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

## 11.- Investimentos.

Neste capítulo inclúense os créditos necesarios para financiar os proxectos previstos no anexo de investimentos incorporado ao expediente que se financian con recursos propios do exercicio. Isto é, a totalidade das inversións do exercicio fináncianse co superávit corrente ordinario ou aforro bruto do exercicio.

Por outra parte, lémbrese que o produto da monetarización do PMS obtido en exercicios anteriores ao 2019, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística<sup>3</sup>, polo que ao tratarse de ingresos que deben destinarse a financiar gastos orzamentarios específicos e determinados, deben de ser obxecto dun adecuado control e seguimento contable de modo que os créditos para investimentos financiados con cargo a ditos recursos deben obrigatoriaamente incorporarse ao Orzamento do exercicio 2019 mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria.

Pola necesidade de garantir o adecuado control e seguimento contable dos recursos procedentes do alleamento de bens que integran o PMS, considera esta intervención conveniente transcribir literalmente a consulta número 56 do documento "APLICACIÓN DE LA NORMATIVA DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA A LAS ENTIDADES LOCALES. CONTESTACIONES A LAS CONSULTAS MÁS FRECUENTES 1ª Edición Marzo de 2018" elaborado pola Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales de la Secretaría General de Financiación Autonómica y Local del Ministerio de Hacienda y Función Pública, plantexada sobre unha cuestión análoga:

*"Con base en el articulado que cita, han de reconocerse los ingresos presupuestarios que actualmente tiene contabilizados como pendiente de aplicar.*

3 O artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, establece que os bens do patrimonio público do chan deben ser destinados a algún dos seguintes fins:

- a) Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
- b) Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de recollo e retorno e pago de indemnizacións ou justiprecios por actuacións urbanísticas.
- c) Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.
- d) Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.
- e) Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
- f) Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

*Esos ingresos efectivamente financian gastos con financiación afectada, por lo que habría de crearse el correspondiente proyecto de gasto. Si aún no se tiene el detalle de las obras concretas que se van a realizar (urbanización, viario, etc.), puede crearse un proyecto de gasto genérico con una aplicación presupuestaria de gasto de inversión, de forma que según se vaya perfilando la ejecución de las obras, pueden irse creando los proyectos de gasto específicos y asignando tanto los créditos presupuestarios (que previamente estaban en el proyecto genérico) como la financiación.*

*Esto tiene como consecuencia, como bien se apunta en la consulta, que la liquidación presupuestaria en cada ejercicio arrojará desviaciones de financiación positivas, tanto del propio ejercicio como acumuladas, afectando las primeras al resultado presupuestario (ajustándolo a la baja) y las segundas al remanente de tesorería, ajustando el mismo también a la baja para el cálculo del RTGG, puesto que las desviaciones positivas acumuladas conforman los excesos de financiación afectada que son el RTGFA.*

*En cada ejercicio presupuestario, deberán incorporarse los remanentes de crédito (ya sean los existentes en el proyecto genérico como en los proyectos de gasto específicos) financiados con los excesos de financiación, es decir, con el RTGFA, en aplicación del artículo 182.3 del TRLRHL.*

*Por otra parte, como también indica en su consulta, esta ejecución presupuestaria le afecta tanto a la regla de gasto como a la estabilidad presupuestaria, puesto que la contabilidad nacional tiene sus propios criterios de registro y devengo que no tienen por qué coincidir con la contabilidad presupuestaria y además, en este caso concreto, tienen efectos contrarios, de forma que la aplicación de la normativa presupuestaria (y este caso además obligatoria) supone el incumplimiento de la estabilidad y de la regla de gasto. El artículo 21 de la LOEPSF obliga en caso de incumplimiento en liquidación del objetivo de estabilidad y de la regla de gasto, a elaborar un plan económico financiero. Sin embargo, a pesar de tener que elaborarlo, el origen del incumplimiento no es estructural, es más, se deriva de la aplicación de la normativa presupuestaria local y de la utilización de los "ahorros" de la entidad local, por lo que las medidas de ajuste en realidad no existirían. Ahora bien, la elaboración y contenido de estos planes y la forma en la que han de justificar estos incumplimientos corresponde a la Subdirección General de Relaciones Financieras con las Entidades Locales, por lo que son ellos los que han de ayudarle con sus dudas en cuanto al contenido del plan económico financiero que, en su caso, hayan de elaborar".*

En definitiva, a XMU debe reconocer los ingresos orzamentarios procedentes da venda de bens integrantes do PMS que actualmente ten contabilizados como pendente de aplicar ou pendentes de contabilizar, crear o correspondente proxecto de gasto, podendo ser xenérico cunha aplicación orzamentaria de gasto de investimento no caso de que non se coñeza o destino concreto dos recursos afectados, e, en cada exercicio orzamentario, deberán incorporarse os remanentes de crédito financiados cos excesos de financiamento afectado en aplicación do artigo 182.3 do TRLRHL.





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

## 12.- Orzamento de ingresos.

No que se refire ás previsións de ingresos, compre salientar os aspectos seguintes:

No capítulo III (“Taxas e outros ingresos”) prevense idénticas contías que as previstas no Orzamento do exercicio 2018 ao non terse modificado as tarifas establecidas nas correspondentes Ordenanzas Fiscais, estimándose o importe total consignado no citado capítulo (1.345.100,00 euros), congruente, no seu conxunto, cos datos que constan no avance de liquidación incorporado ao expediente.

No capítulo IV (“Transferencias correntes”) consígnase a achega da entidade matriz á XMU para contribuír aos gastos de funcionamento do organismo, que no ano 2019 experimenta un incremento do 2% respecto do exercicio anterior. O importe da achega representa un 77,10% dos ingresos totais por operacións correntes da entidade, o que reflicte un elevado nivel de dependencia económica do Concello de Vigo.

Tamén, conforme ao previsto no informe económico-financeiro, neste capítulo actualízanse as achegas da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM e da Oficina de Rehabilitación.

No capítulo VI (“Alleamento de investimentos reais”) non se prevé importe algún xa que non esta previsto o alleamento de bens integrantes do PMS ao longo do exercicio.

### Resumo por capítulos.

	2018	2019	Variación 2019 / 2018	% s/ total
Capítulo 3	1.345.100,00	1.345.100,00	0,00 %	17,40 %
Capítulo 4	6.024.500,00	6.348.980,00	5,39 %	82,14 %
Capítulo 5	10.000,00	10.000,00	0,00 %	0,13 %
Ingresos correntes	7.379.600,00	7.704.080,00	4,40 %	99,68 %
Capítulo 6	3.300.000,00	0,00	-100,00 %	0,00 %
Ing. De capital non financeiros	3.300.000,00	0,00	-100,00 %	0,00 %
Capítulo 8	25.000,00	25.000,00	0,00 %	0,32 %
Ingresos por operac. financeiras	25.000,00	25.000,00	0,00 %	0,32 %





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

TOTAL	10.704.600,00	7.729.080,00	-27,80 %	100,00 %
-------	---------------	--------------	----------	----------

### 13.- Tramitación e aprobación.

O orzamento será proposto inicialmente polo órgano competente do Organismo Autónomo, que segundo os seus Estatutos é o Consello Reitor e remitirase á Entidade Local da que depende, acompañado de toda a documentación necesaria. Sobre a base destes e dos demais orzamentos de Organismos e sociedades dependentes, formarase o orzamento xeral que, acompañado polos Anexos e demais documentación e, debidamente informado e ditaminado pola Comisión correspondente, remitirase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, en acto único, en cumprimento do previsto no artigo 168.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 33.2 c) da vixente Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime Local.

O orzamento xeral, debidamente aprobado (aprobación inicial, anuncio en BOP, exposición ao público por 15 días hábiles e, no seu caso, resolución de reclamacións), entrará en vigor no exercicio 2018, unha vez publicado no BOP, resumido por capítulos, de cada un dos que o integran. Simultaneamente, remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma.

Desde entón todos os créditos do Estado de gastos, atoparanse na situación de dispoñibles.

Con todo, os créditos orzamentarios consignados afectados á concesión de subvencións, terán a súa dispoñibilidade condicionada á existencia de documentación que acredite o compromiso firme de achega.

### 14.- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase cumprido o obxectivo cando os orzamentos iniciais consolidados alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit estrutural.

Por mandato legal, art. 16.2 do RD 1463/2007 de 2 de novembro que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, na súa aplicación ás EELL, a intervención local elevará a Pleno informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da entidade local, dos seus organismos e entidades dependentes.





**XERENCIA DE URBANISMO**  
CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

O informe referido é independente e emítese con carácter previo ao acordo do órgano competente para a aprobación do orzamento.

A observancia do cumprimento realízase entre outros momentos, na aprobación do orzamento, (art. 4.1 RD 1463/2007) e, a súa consecución debe examinarse a nivel de estados consolidados, polo que se remite á análise que se realice no expediente de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.

**Conclusións.**

Por canto antecede, esta Intervención emite o presente informe preceptivo favorable ao proxecto do Orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2019 ao amparo do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve a LFL en materia orzamentaria.

No lugar e data da sinatura dixital  
O INTERVENTOR XERAL,  
Asdo. Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2018 10:30

Páxina 12 de 12

Expediente 11010/407

CSV: 2EEH5C-4DEEB2-24D62F-J5YNPJ-E39LYL-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>